

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE OURENSE**

ANUNCIO de aprobación inicial da revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Ourense expediente 2010002650 (11800/12).

Anúnciase que o Concello Pleno, en sesión extraordinaria do 8 de novembro de 2013 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, cuxa parte dispositiva di:

Único. Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Ourense, redactado pola mercantil Oficina de Planeamento, S.A. Expediente Planeamento 2010002650 (11800/12). Resolución de emendas e aprobación inicial.

O secretario dá conta do ditame da Comisión de Pleno do 25 de outubro de 2013. A Presidencia somete a votación a emenda do Bloque Nacionalista Galego, que se aproba por unanimidade.

Sometida a votación a emenda de Democracia Ourensana, obtense o seguinte resultado: un voto a favor do grupo municipal de Democracia Ourensana, cinco votos en contra dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego e tres abstencións do grupo municipal do Partido Popular.

A seguir sométese a votación a proposta que, por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, e catro abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e Democracia Ourensana, coa incorporación da emenda aprobada do Bloque Nacionalista Galego e nos termos sinalados pola Secretaría, isto é, no punto 3 engádese a expresión «ampliando un mes máis ata un total de tres, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 30/1992».

No punto 5 débese engadir a expresión «durante o prazo de exposición pública expresada no punto 3».

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, dous votos en contra do grupo municipal de Democracia

CVE-DOG: cgaa78g6-mg68-s3k8-j6a0-z3drogs2ghq4



Ourensana, e once abstencións do grupo municipal do Partido Popular, adoptou o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal de Ourense, redactado pola mercantil Oficina de Planeamento, S.A., integrados polos seguintes documentos:

a) Memoria de información urbanística.

b) Memoria de ordenación.

c) Estudo do medio rural e análises de asentamento poboacional. Anexo ficheiro de núcleos.

d) Informe de sustentabilidade ambiental.

e) Planos de información urbanística.

f) Planos de ordenación urbanística.

g) Normativa urbanística.

h) Estratexia de actuación e estudo económico.

i) Catálogo (tomos I, II e III).

j) Memoria de sustentabilidade económica.

k) Resumo executivo.

2. Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no termo municipal de Ourense. Non obstante, poderanse outorgar licenzas nos seguintes casos:

a) No solo rústico, sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do plan vi-xente e as do plan revisado aprobado inicialmente, aplicando para o primeiro o establecido na disposición transitoria primeira.f) da LOUG.

CVE-DOG: cgaa78g6-mg68-s3k8-j6a0-z3drogs2ghq4



b) No solo de núcleo rural, sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do plan vixente e as do plan revisado aprobado inicialmente aplicando para o primeiro o establecido na disposición transitoria primeira.e) da LOUG.

c) No solo urbano, sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do plan vixente e as do plan revisado aprobado inicialmente aplicando para o primeiro o establecido na disposición transitoria primeira.b) e c), respectivamente, da LOUG. Inclúense os ámbitos en que o plan revisado aprobado inicialmente incorpora a ordenación, conforme a disposición transitoria segunda, alínea 2ª, disposición transitoria cuarta, disposición transitoria quinta, disposición transitoria sexta e disposición derradeira cuarta, disposición derradeira quinta e disposición derradeira sexta, sempre que se cumpran as determinacións establecidas no seu planeamento coas modificacións que proveñan das citadas disposicións transitorias e derradeiras.

d) Nos ámbitos que o plan revisado aprobado inicialmente incorpora a ordenación conforme á súa disposición transitoria segunda, alínea 1ª, e disposición transitoria terceira, sempre que se cumpran as determinacións establecidas no seu planeamento coas modificacións que proveñan das citadas disposicións transitorias.

e) Os ámbitos incluídos no Decreto 187/2011, do 29 de setembro, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Ourense e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

A suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados desde a súa aprobación e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

3. Someter o expediente ao trámite de información pública e de consultas da avaliación ambiental estratéxica durante o prazo de dous meses na forma prevista no artigo 85.2 da Lei de Galicia 9/2002, ampliándoo un mes máis ata un total de tres de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 30/1992.

Durante este tempo a documentación completa que conforma a redacción do PXOM, na que se incluírá o texto do convenio de colaboración entre esta Administración e a Universidade de Vigo no marco da revisión do PXOU, estará á disposición de todos os interesados no antigo edificio do Banco de España, sito na rúa do Paseo, nº 20, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

CVE-DOG: cga78g6-mg68-s3k8-j6a0-z3drogs2ghq4



A publicación de este acordo suporá o inicio da fase de exposición ao público e da suspensión das licenzas.

4. Solicitar os informes sectoriais de conformidade co previsto no artigo 85.3 da Lei de Galicia 9/2002.

5. Dar audiencia aos concellos limítrofes de acordo co previsto no artigo 85.2 da Lei de Galicia 9/2002 durante o prazo de exposición pública expresado no punto 3.

Ourense, 18 de novembro de 2013

Agustín Fernández Gallego
Alcalde presidente

CVE-DOG: cga78g6-mg68-s3k8-j6a0-z3drogs2ghq4

